

Sistema de Cualificación e Nota de Admisión

1. Cualificación da Parte Obrigatoria

Cada un dos exercicios da Parte Obrigatoria cualificarase *entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais*.

A *cualificación da Parte Obrigatoria* será a *media aritmética de todos os exercicios*, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos, *con tres cifras decimais, redondeada á milésima máis próxima* e en caso de equidistancia á superior.

Considerarase superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade cando o estudante obtivese unha *nota igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos* como resultado da *media ponderada do 60 por 100 da nota media do bacharelato (NMB) e o 40 por 100 da cualificación da Parte Obrigatoria (CPO)*, sempre que se obtivese un *mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria da proba*.

A cualificación da *Parte Obrigatoria* terá **validez indefinida**, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

2. Cualificación das materias da Parte Voluntaria

Cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante *será cualificada entre 0 e 10 puntos, con dúas cifras decimais*.

Considerarase superada cada unha das materias da Parte Voluntaria das que se examine o estudante cando se obteña unha cualificación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Non se ponderará a cualificación obtida nunha materia cando non se acade nesta unha puntuación igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos.

Aos efectos do acceso á universidade, a cualificación das materias da Parte Voluntaria terá **validez durante os dous cursos académicos seguintes a súa superación**; así, por exemplo, para alguén que superase a/as materia/s obxecto de exame na Parte Voluntaria da proba na convocatoria ordinaria ou extraordinaria do ano 2017, a validez destas será para o acceso á universidade no curso 2017-2018 e 2018-2019.

3.- Superación da proba de avaliación da Bacharelato para o acceso á Universidade

O acceso á universidade española, tanto pública como privada, para cursar as ensinanzas conducentes á obtención dos distintos títulos das ensinanzas universitarias oficiais de grao, con validez en todo o territorio nacional, requirirá, con carácter xeral, a superación da proba *de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade*, sen prexuízo dos outros supostos previstos no Real Decreto 412/2014, de 6 de junio, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao.

Para os estudantes de Bacharelato LOMCE que superen a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade regulada polo Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, a Orde ECD/1941/2016, de 22 de decembro e pola Resolución conxunta da Secretaria Xeral de Universidades

e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do 10 de febreiro de 2017 pola que se ditan instrucións para a realización, no curso 2016/2017, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade para o curso 2017/2018, a súa nota de admisión será:

Nota de admisión = 0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2	
NMB	= Nota media do bacharelato
CPO	= Cualificación da Parte Obrigatoria da proba de Avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade
M1, M2	= Cualificacións dun máximo de dúas das catro materias das que se examinase o alumno/a na Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade correspondente, que proporcionen mellor nota de acceso.
a, b	= Parámetros de ponderación das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia Troncal de Modalidade da proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade que proporcionen mellor nota de acceso.

A **nota de admisión** incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas tres universidades do SUG para o acceso aos estudos oficiais de grao no curso académico 2017-2018.